

## AS IGREXAS BRETONAS EN GALICIA \*

Por GILDAS BERNIER

Os problemas das orixes son numerosos e polo momento insolubles. Nun artigo titulado **Britonia** (1), E. A. Thompson estima que non se pode fixa-la data da inmigración dos Bretóns, nin decir que eles viñan da Armónica ou das Illas Británicas. Como non hcube concilios suevos antes do 561, é imposible afirmar que houbera igrexas céíticas en Galicia no século V.

Compre recordar que as relacións de Galicia cca Galia e Bretaña poden ser explicadas polo feito de que os Bretóns se instalaran en Galicia. Non chegaron eiquí por casualidade despois de seren expulsados do seu país.

Existian xa relacións entre as tres partes do mundo romano: España, Galia e Bretaña; unha lexión de reclutamento asturiano estaba situada en Bremia (Lanio en 105) e un ala de cabaleiros españois vetónes reclutados entre o Guadiana e o Douro tiña unha garnición en Brecon no País de Gales. O coengo Falc'hun ten suposto que Galicia podía constituir pró usurpador Máximo (de orixe español, compre precisar) unha cabeza de ponte, como Armórica, por outra banda, na conquista do continente no que el debía facer frente ó emperador Graciano (383). En todo caso fai falla sinalar que naquel ano, dous compañeiros de Prisciliano, —o heresiárca gallego condenado a morte (acusado de practicar a maxia) por Máximo en Tréveris, a pesares da defensa de San Martiño de Tours—, cuxos nomes eran Instancius e Tibericus —ou Tiberianus— segundo Sulpicio Severo o biógrafo de S. Martiño de Tours, foron exiliados á illa Scilina, xeralmente identificada coas illas Scilly. Ofrendas monetarias do ano 69 ó 371 co-

---

(\*) No orixinal «**Les églises bretonnes en Galice**», traducido ó galego por Pilar Ozores. Este artigo insérese nas investigacións do autor encol do cristianismo bretón dende as orixes ó s. IX, tema da súa tese de doutoramento, e agora publicada:

G. BERNIER: **Les Chrétiennes bretonnes continentales depuis les origines jusqu'au IX ème siècle.** Travaux du Laboratoire d'Anthropologie Préhistorique-Protohistoire et Quaternaire Armoricains. Rennes, 1982.

(1) En **Christianity in Britain -300-700-**. Edit. BARLEY et MANSON, Leicester. Univ. Press, 1968, p. 300 ss.

ñécense no templo pagano de Normour, e que rematan nunha data próxima á chegada dos dous galegos, o que ten probablemente relación coa evanxelización que eles deberon exercer sobre as poboacións. O autor dunha obra encol das illas Scilly, Ashby (2), non pensou nesta posibilidade cando constata que os Priscilianistas non deixaron trazas da súa estancia que sen dúbida debeu ser curta dabondo, xa que a Máximo mítanno no 388.

A instalación dos Suevos paganos en Galicia debe datar do ano 417, tendo entrado en España no 409 cos Vándalos. Segundo Manuel C. Díaz y Díaz (3) os Suevos non estaban nada preocupados polos problemas relixiosos. Os dous primeiros reis Hermerico (409-441) e Rechila (441-448), convertidos ó arrianismo, causaron perxucios ás igrexas católicas, pero o fillo do segundo era católico, e, somentes despois da súa morte no 457, o arrianismo consolidouse até a conversión de Carriarico por S. Martiño de Dumio hacia o 559. O final do século V parece ter sido un período turbado polas contínuas guerras dos suevos contra os romanos e os visigodos. Poderíamos preguntar se a identidade de fé e de organización relixiosa non incitaria ós bretóns a viren reforzadas as posicíons dos romanos contra os arrianos. O carácter monástico e ascético das células cristiáns deiña o século VII, testemuñado pola pasión de Leocadia e a vida de Fructuoso, como escrebeu o monxe Valero do Bierzo, amosan a identidade destes mosteiros e os de tipo céltico. Notemos tamén, sen podermos deducir nada, que unha chamada de axuda dos galegos a Aecio no 431 non deu lugar ó envío de reforzos: o bispo Idacio de Chaves voltou un ano máis tarde co conde Censorio e a paz non foi restablecida cos Suevos hasta o 438.

A vida da igrexa é pouco coñecida entre o fin da crónica de Idacio que remata co reino de Remismundo no 469 e a conversión de Carriarico. Agora ben, é durante este período cando as igrexas bretonas deberon organizarse en Galicia como o facían en Armórica. E probable que a conquista do reino católico suevo polo rei visigodo de Toledo, Leovixildo, dera lugar a unha tensión político-relixiosa entre os dous países e, en contrapartida, a un achegamento coa Galia, Roma e quizás Bizancio. Pero cando os bizantinos foron expulsados de España no 629 polos visigodos, convertidos xa ó Catolicismo (conversión de Recaredo no ano 589 no III Concilio de Toledo), España chegou a ser durante unha época o principal núcleo de cultura de Occidente (Isidoro de Sevilla, 600). Sería extraño que Galicia e os cristiáns bretóns non tiveran aproveitado esta situación nin quizais xogado un papel de intermediaria entre este núcleo e os países célticos: a difusión das coleccións canónicas españolas e a obra de Isidoro de Sevilla polos Irlandeses parece ser un testemuño disto.

Os emigrantes bretóns eran cristiáns e mesmo católicos cando chegaron ás costas de Galicia e de Asturias. Coidamos que as razóns da sua migración debían ser parecidas ás que lles empuxaron hacia Armórica:

(2) *Ancient Scilly*. Londres, 1874.

(3) «La Cristianización en Galicia», en *La Romanización de Galicia*. La Coruña, 1976, p. 105-121.

desexo de mortificarse polo exilio e de gardar prá fé católica a aqueles da súa raza que tiñan xa abordado Galicia, e probablemente tamén de converter á fé ás rudas poboacións autóctonas pouco afectadas polos esforzos de Astorga e de Lugo, situadas detrás da Cordilleira ou equipados mal dабondo pra evanxelizar a unha poboación rural ou costeira moi dispersa.

Encol da acción dos Bretóns antes da segunda mitade do século VI non se sabe nada. O primeiro texto seguro que faga mención do asentamento dos Bretóns é o documento firmado no Concilio de Lugo no ano 569, no tempo dos Suevos. Este concilio estaba presidido por Nitixio, bispo de Lugo, e os nove bispos do Conventus Lucensis que firman por orde de precedencia (función de antigüidade segundo a importancia das sés). Despois de Tui é citada en último lugar a sé bretona nestes termos: «ad sedem Britonorum (pertinent) ecclesias quae sunt intro Britones, una cum monasterio Maximi, et quae in Asturiis sunt» (4). As variantes son a considerar: P. David (5) cita tres «Britonorum, Britoniorum, Britanorum» que son más interesantes que a suministrada por Luc de Tui (6), esto é, «sedes Bretonica» cu a do manuscrito 1346 da Biblioteca Nacional de Madrid, copia de Idacio: «sedes Bretunica». De tó dolos xeitos, á diferencia das outras oito sés galegas, esta foi designada por un nome étnico, por non poder ser por unha «civitas» como era o uso adoitado. O bispado bretón semella estar constituído por igrexas bastante autónomas situadas en Galicia e Asturias, e en relación cun «monastère de Maximus» do que non está nada testemuñado que sexa a sé deste curioso bispado que non ten pra nada en conta os límites herdados do período galorromano e conservados pola igrexa sueva. Esta situación fámos lembrar a do mosteiro de Brieuc, de Tugdual ou mellor áinda o de Samson, bispo de Pental «in Romania» e de Dol «in Britannia». Descoñeceremos sempre quén era ese Maximus que deu o seu nome ó mosteiro no que debía atoparse como en Bretaña un bispado-abade. Nora K. Chadwick en «**The colonisation of Britany from Celtic Britain**» (7) comete doulos erros: chamarlle a este mosteiro «monasterium maximum», (o moi grande mosteiro) e situar iste concilio no 567, se ben como xa vimos foi celebrado no 569.

O concilio foi reunido a petición do rei suevo Teodomiro, daquela convertido do arrianismo ó catolicismo. Pra que os sufragáneos dos lugares máis alonxados pideran asistir ós concilios descentralizouse a administración: Lugo compartiu con Braga os bispados galegos e, de tal xeito que as igrexas poideran ser visitadas cada ano polos bispos, o rei desexaba a creación de novos bispados e que foran nomeadas sés ordenadoras de bispos. Estas disposicións, tomadas efectivamente, colocaron ás igrexas e ós mosteiros bretóns baixo a vixilancia e mesmo tutela de Lugo pra aqueles que estaban ó Oeste do río Eo, e, de Braga, prós que estaban en Asturias, ainda que non é posible afirmalo. Unha modificación do texto con-

(4) Catalan. Conc. Hisp. III, 188.

(5) DAVID, P.: *Etude historique sur la Galice et le Portugal du VI<sup>e</sup> siècle au XI<sup>e</sup> siècle*. Coimbra, 1947, p. 44.

(6) Hisp. Ilustrata -1608-, p. 55-8.

(7) CHADWICK, N. K.: *The Colonisation of Britany from Celtic Britain, Proceedings of the British Acad.* Londres, 1965, Vol. LI. (Sir John Rhys Memorial Lecture, p. 282).

ciliar, dada a coñecer polos manuscritos de Pierre David (Etude historique, cit.) refírense xustamente a sé dos Bretóns que levan ó lugar de «et quae in Asturiis sunt» «Usque ad Ovem». Esto sería, según o autor, unha interpolación de Pelaio, bispo de Oviedo, en conflicto co seu colega de Lugo por mor da sucesión de Britonia, como se verá máis tarde.

Atopamos novas precisións encol da sé bretona nun documento do segundo concilio de Braga, presidido no 572 por S. Martiño de Dumio, a petición do rei suevo Ariamiro. O último dos doce sufragáneos firma: «Mailocus, Britonensis ecclesiae episcopus, his gestis subscrispi». Este comparte con outros cinco o «Synodus Lucensis». Mailocus, ou a variante Mahilocus, son nomes típicamente bretóns (Cf. L. Fleuriot: *Vieux-Breton. Éléments d'une Grammaire*, p. 268: «mail, grand, noble, prince —gaulois magilo—», variante de Magalo (8); o g desta forma evoluída en h aparece na variante citada). Oc- é unha terminación de nome de axente (Cf. Fleuriot, op. cit., p. 342). P. David (9) supuxo con certa verosimilitude, ó ver o número de malas grañas que se poden sinalar nos documentos conciliares do século VI e o feble afastamento no tempo, que Mailoc é o mesmo Maliosus do I concilio de Braga e no que voltaba a firmar no último lugar, no ano 561.

Qué senso é mester dar ó tíduo do bispo bretón? A grafía «Britonensis» parecería indicar que se quixo dar ó bispo un nome de sé local, como ós outros bispos rexionais. El é bispo da igrexa de Britonia. Pero hai tamén unha variante: «Britonorum ecclesiae» que demostraría que nada cambiou dende a celebración do concilio de Lugo, celebrado tres ou catro anos antes, o que non ten nada de extrano.

Existe un documento do século VII (10) atribuído ó rei visigodo Wamba, morto baixo o hábito monástico: é o «pariochale» chamado tamén «Divisio Wambae», no que él reconta as parroquias dos bispados galegos. E remata así: «Britonnia de Bussa usque Torrentes, de Octoba usque Tobellam, et usque ad Ovem». Esta vez o bispado bretón ten o nome dun lugar coñecido e que permite indica-los seus límites territoriais, o que desgraciadamente non é más significativo pra nós, xa que dos cinco nomes citados (son probablemente nomes de ríos: Torrentes e Eo así o suxiren) soio Ovem pode ser identificado: é o Eo, límite tradicional romano dos Conventus Lucensis e Asturensis. Endemais, as catro últimas palabras serían unha interpolación, según P. David (op. cit., p. 61) debida ainda a Pelaio de Oviedo, bispo de 1101 a 1129, que pretendía que a súa sé era a descendente de «Lucus Asturum» citado por Ptolomeo na sua Xeografía (II, 6). Iste lugar sería o actual Lugo de Llanera a 10 kms. de Oviedo. Efectivamente atopáronse alí vestixios romanos pero non foi nunca unha sé episcopal. O final da Divisio Wambae lé-se: «Ovetum vel Britonia, exempta a Gallaeciae Bracara» (o manuscrito do concilio de Lugo reemplaza «vel Britonia» por «hoc est Britonia» o que é ainda máis claro). Este pasaxe é, por outro lado, incomprensible pois Oviedo foi constituido no territorio de Astorga, e os pretendidos concilios de Oviedo xustifican a creación da sé lem-

(8) DOTTIN: *La langue gauloise*, p. 268.

(9) DAVID, P.: Op. cit., p. 60.

(10) Cf. P. David; op. cit., p. 61.

brando que o bispo de Britonia teríase refuxiado en Oviedo despois do saqueo da súa sé polos musulmáns, e que él tería recibido unha igrexa prá sua subsistencia. O bispo de Lugo non negaba, por outra banda, que Oviedo sucedese a Britonia, como moito, é decir, a unha igrexa bretona cuxa parte esencial situábase no Conventus Lucensis e sendo esta situación a propia dun sufragáneo do metropolitano de Lugo cuxa importancia viña dada sin dúbida polo feito de que a vila, provista de sólidas murallas romanas, tíñase convertido no centro moi importante prós reis suevos. A posición de Pelaio debía ser incómoda dabondo, non se cadra a causa da interpolación da *Divisio Wambae* (que podían non recoñecer, en nome da historia, no século XII, unha identificación entre Oviedo e Britonia, inconcebible por outro lado na época de Wamba, 672-680, trinta e seis anos antes da incursión musulmana que destruiu Britonia), senón porque o bispo de Lugo continuaba a ser un bispo importante mesmo se despois da restauración de Braga, voltaba a ser o subordinado do metropolitano de Galicia.

Pelaio, falso especialista, introducíu esta «*Divisio Wambae*» na crónica de Alfonso III e prestou a un imaxinario Idacio o «*Liber de nominibus Suevorum, Vandalorum, Alanorum et Gothorum regum ab era 305*» que autentificaba a antigüidade e os dereitos da sé de Oviedo. Lugo replicou polo diploma de Alfonso II (datado por Haddan e Stubbs no 830 (11) e por David no 832). Estaba formulado da seguinte maneira: «*Ipsam Ovetensem ecclesiam facimus et confirmamus pro sede Britoniense quae ab Ismaelitis est destructa et inhabitabilis facta*». Alfonso II reinou do 791 ó 842 e o acontecemento histórico máis sobranceiro do seu reinado aconteceu no 716 cando Abd-el-Aziz, fillo do bereber Muza, chegou até Bretonia e arrasouna: estamos a cinco anos da chegada dos musulmáns a España. Por este documento, a antigüidade da sé de Oviedo atopábase restablecida despois da desaparición do imperio visigodo, a causa das oleadas musulmanas, e despois de máis dun século a desaparición de Bretonia. Pero esta desaparición foi definitiva como igrexa parroquial? Non parece sé-lo: un sorprende pola modestia en superficie do castro circular (que data da edade do ferro) que tiña acollido a sé dos bretóns: a súa única ventaxa é por estar situado sobre un outeiro que é a liña divisoria das augas que corren cara o Norte: o río Masma; e o río Miño que corre cara o Sul. Atopáronse, no transcurso de traballos realizados en torno da actual igrexa parroquial, sarcófagos de estilo visigótico (recordemos que o reinado suevo desaparece baixo o poder do rei visigodo de Toledo, Leovixildo, no 585), os basamentos de dous edificios, dos que un constaba dun ouso e podía ser unha igrexa, e unha pedra de consagración en grafía dos séculos VII-IX, na que se lé «*in onorem sancte Marie*». Trátase probablemente da advocación da nova igrexa que reemplazaría á destruída polos «Hismaelites». A incursión musulmana acabou coas igrexas bretonas de Galicia e Asturias. En efecto, a situación política e relixiosa de Galicia e España transformouse completamente debido ós éxitos dos bereberes musulmáns que puxeron fin ó reino de Roderico e ás súas querellas cos seus grandes

(11) HADDAN, A. W. e STUBBS, W.: *Councils and ecclesiastical documents relating to Britain and Ireland*. Oxford, 1869-1879,3 vcl. Ista nota no vol II, p. 100.

dignatarios. Foi xustamente un destes, chamado Pelaio, xefe da resistencia na zona máis agreste de Asturias, nas cercanías dos impresionantes Picos de Europa, quen infrinxiu ós musulmáns a súa primeira derrota, pouco significativa pra estes sen dúbida, pois tratábase probablemente dunha es-caramuza. Mais prós resistentes isto foi un símbolo de espranza, e o seu xefe que resideu primeiramente en Cangas, será así o fundador dunha nova dinastía. Estaba rodeado somentes de xefes laicos e de prelados refuxiados chegados de Tledo, e, do 717 ó 790, o pequeno estado asturiano, que non comprendía ningunha das antigas metrópolis romanas, extendíase soio dende Lugo ó Ebro superior, sobre unha franxa montesía e costeira. Alfonso II, que reinou, como xa vimos, do 791 ó 842, establece a sua capital en Oviedo e non en Lugo: reina, a pesar de todo, desde Santiago a Santander e, desde a destrucción de Braga, o metropolitano de Galicia instalarase no poderoso recinto amurallado de Lugo. Compréndese que os sucesores de Pelaio quixesen ter na súa capital un bispo: a desaparición da sé bretona que se prolongaba até Asturias, quizais incluindo mesmo a Oviedo, permitíulle unha transferencia que non mudaba ren o orde preeexistente.

Pero producíuse outro fenómeno, pois no ano 900 (12) tivo lugar en Oviedo un concilio ó que suscríbaise un tal Teodosindus (correxir en Rudesindus según Gams., p. 50-51) residente «in Britania» (sen dúbida Britonia) que era ó tempo «episcopus Dumiensis» (13). A crónica de Albelda dí del: «Dumio Mindunetio degens». Atópase tamén a mención de Britona, e tamén Britonia (o que é más sorprendente) e un «Britnacensis sedes» nas listas que datan do 960. Fáise tamén mención de Britonia nun «Privilegium» de Alfonso VII en 1156. Pero os únicos bispos titulares coñecidos ademáis de Mailoc (572-Braga II) son: Metopius (633-Toledo IV), Sona (646-Tledo VII), Sosanus (653-Toledo VIII) e Bela (675-Braga III), cu-xos nomes non son célticos (agás quizais o último).

Rudesindo (San Rosendo) é o primeiro bispo de Mondoñedo coñecido con certeza pero xa vimos que o seu título está relacionado coa desaparición de duas abadías, a bretona e a de S. Martiño de Dumio, fundada ista nos suburbios de Braga polo arcebispo de Tours, compatriota e homónimo do abade de Marmoutiers. Dícese que o fundador tería atopado xa refuxio en Mondoñedo nunha data indeterminada (14). Dumio, tamén destruída por unha rafia musulmana, non será nunca restaurada, senón que será transferida a Mondoñedo na época do abade Sabarico III. A carta de Alfonso III, que reorganizou a rexión de Braga e estaría na orixe deste traspaso, sería falsa segundo P. David (15) pois tería sido escrita polo clero de Mondoñedo.

Onde se situaba Mondoñedo? Moi probablemente no lugar da actual aldea de S. Martiño de Mondoñedo, a catro kilómetros do mar. Santos San

(12) No 886 segundo David (op. cit., p. 63), no 899 según Florez, no 873 segundo Concil. Ovetense in Catal. p. 356; cf. Haddan e Stubbs, op. cit., III, p. 101.

(13) Cf. J. Loth: *Revue Celtique*, 1901, XXII, p. 256.

(14) FLOREZ, P.: *España sagrada*, t. XVIII, p. 52.

(15) DAVID, P., Op. cit., p. 128.

Cristobal Sebastián (16) identifica este lugar co antigo «Monasterium Maximini», baseándose en antigos pergaminos que permanecen nunha prudente oscuridade, namentres que Manuel C. Díaz y Díaz (17) ve aquí soio a sé da «ecclesia Britoniensis», recordada somentes hoxe polo topónimo «Bretoña». P. David (18) pensa que o «monasterium Maximi» estaba en Santa María de Bretoña, pero equivócase na distancia que separa esta aldea de Mondoñedo: hai 16 kilómetros e non 8. Efectivamente, cada un dos dous lugares ten restos dunha antiguidade notable. S. Martiño de Mondoñedo posee edificios monásticos, unha igrexa conventual en particular, da que certas partes remontan ó século IX. O estilo xeral desta construción está más perto do sul da Galia que das igrexas construídas sobre os plans dos arquitectos composteláns.

O mesmo nome de Mondoñedo presenta dificultades. En efecto, nos «Anales de el regno de Galicia» (t. II, LIX Cap. X, p. 176), De la Huerta y Vega cita un calendario litúrxico que menciona a San Gonzalo nestes termos: «Fiat memoria Domini Gundisalvi, quondam episcopi Mindoniensis». Esta forma ten doble emprego con «Mindunetum». San Gonzalo residía, con certeza, en S. Martiño de Mondoñedo, como o proba a tradición que di que fixo xurdir dunha pegada «a fonte da Zapata», situada na veciñanza da igrexa e que áinda hoxendía é utilizada. Un monte situado a 1 kilómetro e medio ó norte da aldea leva o seu nome, pois dende ali provocou, según se conta, o naufraxio dunha flota normanda no ano 846, salvando así do saqueo ó seu monasterio. En fin, e é un argumento de peso, o seu sartego atópase na actualidade na nave da igrexa conventual e o renome do bispo santo e moi grande nos arredores de San Martiño de Mondoñedo.

A data da instalación dos bispos no actual Mondoñedo non é coñecida, pero sábese que Doña Urraca, viuda do Conde Ramón, donou a comezos do século XII ó bispo Nuño Alfonso un lugar chamado Vilamaior de Brea e sabemos tamén que a sé de Mondoñedo leva o título de «Vallibriensis», sen perder o de «Dumiensis» que, non obstante, terminou por predominar. Este traspaso debeu ter lugar entre 1111, data da guerra civil entre Doña Urraca e o seu fillo Raimundez, rei de Galicia, e o ano 1118, data da morte de Pascual II e, do que sabemos, que o seu legado pontificio leeu no concilio de Palencia unha bula que autorizaba o traslado da sé de Dumio a Mondoñedo. No ano 1120 o papa Calixto II creou un segundo título de arcebispado en proveito de Compostela, pero, dempois dun inquérito, Inocencio III decide manter os catro bispados galegos (Lugo, Ourense, Mondoñedo e Tui) baixo a dependencia de Braga con Astorga, Porto, Coimbra e Viseu. Isto aconteceu no ano 1199. Entramente, a sé fora transferida no 1182 a Ribadeo, por decisión de Fernando II.

En Galicia, pois, como en Armórica, mosteiro como Santa María de Bretoña son de orixe bretón, o que significou a formación de novos bispados sen ningunha relación coas antigas circunscripcións administrativas ro-

(16) SAN CRISTOBAL SEBASTIAN, Santos: «La ciudad de Mondoñedo». Lugo, 1976, p. 18-19.

(17) DIAZ Y DIAZ, M.: Op. cit., nota 21.

(18) DAVID, P.: Op. cit., p. 60.

máns. Os grupos cristiáns bretóns estaban ben adaptados a un relevo compartimentado por montañas en pequenas unidades e ás comunicacións por mar, pero por estar situadas demasiado lonxe das súas bases en Ar-mónica e as Illas británicas, desapareceron a raiz das incursións musulma-nas do 716. A restauración, obra do clero visigodo, non permitiu xa máis o mantenemento da orixinalidade bretona. Por outra parte, dende o século VII nótase na sé de Britonia a presencia de bispos titulares que xa non levan nomes bretóns (Metopius - 633 en Toledo IV); Sona - 646 en Tole-do VII; Sosanus no VIII concilio de Toledo no ano 653).